



## VII Concurso Municipal de Escaparatismo SCQ • SHOPPING

Primavera 2010

### Bases para o concurso na súa convocatoria da tempada de Primavera de 2010

1. Poderán participar no *VII Concurso Municipal de Escaparatismo SCQ Shopping, Primavera 2010* todos os establecementos comerciais de Compostela.
2. As inscricóns formalizaranse por escrito enviando o formulario adxunto por fax ao 981 54 31 93 ou solicitando a súa inclusión por medio dun correo electrónico no que se cumplimenten os mesmos datos e que se enviará a: [inscricionspe@santiagodecompostela.org](mailto:inscricionspe@santiagodecompostela.org)
3. A inscrición é de balde.
4. A data tope de inscribirse será o día **12 de abril de 2010**.
5. Os motivos dos escaparates terán tema libre e os seus deseñadores terán completa liberdade para elixir as técnicas, materiais e estilos expositivos.
6. O xurado está composto por unha representación das seguintes entidades: Concellaría de Promoción Económica e Comercio (con voz pero sen voto), Cámara de Comercio, Asociacións de comerciantes da cidade - Agrupación de comerciantes de Santiago, Fundación Santiago Centro Área Comercial, Asociación de empresarios e profesionais Compostela Monumental e Asociación de comerciantes de Rúa San Pedro-, Euroconsumo Galicia, El Correo Gallego e un profesional independente do sector do interiorismo e a decoración.
7. O xurado valorará especialmente a orixinalidade, ambientación e eficacia da mensaxe publicitaria atendendo ás condicións da contorna dos establecementos.
8. As **datas de exhibición** dos escaparates estarán comprendidas entre o día **13 e o 16 de abril de 2010**.
9. Os escaparates que participen no Concurso deberán estar identificados cun distintivo que achegará a organización e permanecerán iluminados ate as 23 h. Os escaparates que non se atopen instalados no momento da visita valorativa quedarán excluídos do concurso. A organización poderá establecer exencións a esta norma xustificadas por motivos de seguridade que esixan a retirada da mercadería exporta nos escaparates.
10. O *VII Concurso Municipal de Escaparatismo "SCQ Shopping 2010 edición primavera* terá como premios: Unha campaña publicitaria en distintos medios de comunicación local para cada uno dos tres premiados.
11. Os gañadores recibirán un bono polo que poderán trocar a campaña de promoción correspondente segundo se trate do primeiro, segundo ou terceiro posto. O bono terá un prazo de caducidade de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa notificación ao interesado. A non execución do premio no prazo indicado, por causas imputables aos gañadores, implicará a revogación do premio inicialmente concedido.
12. Os distintos formatos promocionais en que consisten os premios deberán indicar o patrocinio da Concellaría de Promoción Económica e Comercio do Concello de Santiago e a colaboración da Deputación da Coruña, con indicación do concepto en virtude do cal se emite, é dicir, pola súa condición de gañador no Concurso de Escaparatismo SCQ Shopping.
13. O fallo do xurado darase a coñecer a partires do día 20 de abril mediante notificación individual a cada un dos premiados e máis na páxina web da Concellaría de Promoción Económica [www.maiscompostela.org](http://www.maiscompostela.org).
14. A participación no presente concurso implica a aceptación das presentes bases.



VII Concurso Municipal  
de Escaparatismo  
SCQ • SHOPPING

Primavera 2010

Para inscribirse envíe este boletín ao fax 981 54 31 93 ou remita un correo electrónico no que consten os mesmos datos a: [inscricionspe@santiagodecompostela.org](mailto:inscricionspe@santiagodecompostela.org)

### BOLETÍN DE INSCRICIÓN

Establecimiento \_\_\_\_\_ Sector \_\_\_\_\_

Nome e apelidos do propietario \_\_\_\_\_

Endereço \_\_\_\_\_

Teléfono \_\_\_\_\_ Fax \_\_\_\_\_ Correo Electrónico \_\_\_\_\_

Marque o cadro se desexa recibir información sobre outros programas, concursos e convocatorias da Concellaría de Promoción Económica

Asdo

Confirmo a participación do establecemento  
no VII Concurso Municipal de Escaparatismo  
SCQ • Shopping e accepto as súas bases.